Opino por tanto, que mientras el Gobierno *nombre* diputados, y sea impuesto como tal; y la representación nacional se llene de sus satélites y magnates; y á cada diputado no le sea revocable el poder cuando falta á la misión de sus comitentes, á cuyo efecto debiera exijírsele antes un completo y hasta *juramentado* programa de su sistema político, y á los ministros no se les sujete á una responsabilidad *efectiva* por sus actos, no seremos más que el juguete de cuatro ambiciosos que trafican impunemente con la cosa pública.

Por iso mesmo non deixou de denunciar as moitas irregularidades e cacicadas que se cometían nos procesos electorais verificados nese período, en plena descomposición da monarquía isabelina (18 de novembro de 1865).

Noutro traballo publicado en *La Iberia* protestaría contra o estado lamentábel en que encontrou nas inmediacións da cidade de Lugo, cheos de fame, roña e cansazo, un grupo de antigos soldados que retornaban da campaña de Ultramar, concretamente de Santo Domingo (2 de setembro de 1864):

No era una ilusión, nó, producida por una de esas creaciones fantásticas tan comunes entre las gentes sencillas de nuestros campos; era, sí, la triste realidad del dolor, de la desgracia en toda su desnudez, de la miseria en toda su extensión, de la muerte, en fin, en toda su deformidad. Un convoy de seres humanos, de vivientes espectros, achicharrados por el sol abrasador de nuestros trópicos, estenuados por el hambre, abatidos por la fatiga, mugrientos y haraposos, iban caminando lentamente, unos en carros, con ayuda de muletas otros, y todos en el más lastimoso estado, trayendo a la memoria aquel cortejo de fantasmas de que nos habla Volney en sus *Ruinas*.

Noutras colaboracións, como a publicada o 27 de outubro de 1864, Araújo enxalzaría as figuras históricas dos líderes da revolta *comunera* castelá (Bravo, Padilla e Maldonado) contra Carlos V. Tamén denunciaría a excesiva presión fiscal imposta nesa época polo executivo presidido por Narváez, o “espadón de Loja”, bromeando sobre a “dosis *homeopática* de unos cuantos miles de reales” que lle prescribían “a nuestros tísicos bolsillos” e sobre o denominado *impuesto de consumos*, que imponía “a cada manjar su factura, y á cada plato su tarifa” (4 de outubro de 1864).

Na carta a *La Iberia* que apareceu editada o 20 de setembro de 1865 comentaría o inexplicábel accidente sufrido en augas da ría de Viveiro pola fragata “Al-mansa” nun día de bo tempo, “porque la nación entera



tiene derecho á saber como se pierden los buques de guerra que tanto le cuestan”. Ao propio Araújo Tenreiro debeu corresponder, pensamos, o envío dunha carta asinada por “Varios católicos de Vivero” ao director de *La Iberia*, publicada no exemplar de 15 de novembro de 1865, en que felicitaban e alentaban o presbítero Antonio Aguayo<sup>4</sup> pola súa defensa e amparo das clases máis humildes e pola súa resistencia fronte ao acoso por parte dos “neos”:

También nosotros reclamamos una parte de vuestras aflicciones, y admiramos y contemplamos al virtuoso sacerdote, al valeroso e invencible apóstol, que al través de la tempestad que ruje sobre su cabeza, empuña, cual otro Gedeón, el lábaro de Israel para ir á clavarlo en el campo Madianita del actual neo-catolicismo.

Verdad es, ilustre Aguayo, que habéis retado á un enemigo poderoso que os opone todas sus huestes en batalla: verdad es que él os declara una guerra de persecución y de exterminio; pero ¿acaso la persecución y el exterminio no han sido siempre el único argumento, el ordinario vademécum de toda su historia? [...]. Mas qué importa que os anatematicen, persigan y excomulguen: ¿por ventura, para morir por Jesucristo, no es necesario apurar su amargo cáliz? ¿Acaso no predijo que por la *cizaña* había de intentar arrancarse la buena semilla? Pues si esto predijo, si contra la buena semilla que vos sembráis en el campo cristiano, nada puede ni podrá jamás la *cizaña* neo-católica (...) ¿qué podéis temer? (...) ¡Valor, por tanto, presbítero, valor! Acordaos de Tertuliano al frente de los herejes y neo-católicos del segundo siglo; acordaos que somos muchos los que estamos dispuestos á seguiros en esa cruzada Santa<sup>5</sup>.

Por último, aludiría criticamente Araújo noutras epístolas enviadas ao xornal madrileño (24 de marzo de 1865 e 31 de marzo de 1866) ao estado de insalubridade da prisión existente na “Casa de la Villa” de Viveiro, que era, segundo as súas palabras, “se-

mi-cuadrúpeda y semi-vípeda [sic], es decir, del género promiscuo, para hombres y animales, cuya planta solo puede cotejarse con



la de aquellos crisoles celulares con que los *santos* purificaban, ó mejor dicho, disecaban el cuerpo inmundo de los herejes”.

Suspendida *La Iberia* por orde gubernativa a partir de xuño de 1866, Araújo fixo parte da nómina de colaboradores que se reincorporan ao cabezallo cando este resucitou a comezos de 1868 co título de *La Nueva Iberia*, dirixido por Sagasta. O seu regreso á palestra foi saudado polo rotativo nestes eloxiosos termos:

Publicamos a continuación la carta con que inaugura su colaboración en LA NUEVA IBERIA uno de los más constantes é ilustrados colaboradores de la antigua, nuestro querido y consecuente amigo el señor Don Jacobo Araujo, tan conocido por su saber y competencia en las cuestiones canónicas, como honrado y virtuoso liberal. Estrechos vínculos de afinidad política y filosófica nos unen al señor Araujo, cuyo concurso aceptamos con júbilo, seguros de que su pluma es un auxiliar importante que prestará gran interés al periódico (...).

Cando o propio *La Nueva Iberia* comunicou aos seus lectores o 8 de febreiro de 1868 a desaparición en Lugo dun xornal chamado *El Progreso*, do que Araújo era segundo parece colaborador e, se cadra tamén, promotor, indicará:

4 Nado en Motril (Granada) en 1836 no seo dunha familia dedicada á xastrería e ordenado sacerdote, moi axiña enfrontouse a terratenentes e fabricantes polo trato explotador que tributaban aos seus xornaleiros e obreiros, o que lle valeu ser alcumado como “padre de los pobres”. En agosto de 1864 publicou unha *Carta a los presbíteros españoles* en que denunciaba o luxo en que vivían e o poder despótico que exercían a maior parte das xerarquías da Igrexa e reclamaba unha volta ao espírito do cristianismo orixinario. Tras meses de tempestuosa polémica (na que hai que inscribir o apoio expresado nesa carta dun grupo de católicos viveirenses editada por *La Iberia*), Aguayo foi forzado en 1866 polo arcebispo de Granada a retractarse, posto de xeonllos, de todas as afirmacións expostas na citada *Carta*. Con todo, unha vez feita esa retractación, volveu á palestra pública para deixar patente que fora obrigado a facela contra a súa vontade, o que provocou unha nova intensa polémica na prensa. Finalmente, marchou camiño do exilio á Arxentina, onde se perde finalmente o seu rastro.

5 Jacobo Araújo reiterou a súa solidariedade co pensamento do sacerdote Aguayo e as súas críticas contra o fanatismo e intolerancia dos sectores neo-católicos noutra comunicación a *La Iberia* publicada o 17 de novembro de 1865. E o 10 de xuño de 1866 aínda remachou, fronte ás descualificacións de que era obxecto el propio en xornais *neos* como *La Regeneración*: “Declaro [...] que respeto y quiero al sacerdote sabio y virtuoso, al cual más de una vez he elogiado y defendido con aplauso de esos mismos periódicos neo-católicos; más es: me honro con la amistad de muchos que aciertan á descubrir el fondo de mis sentimientos; y en este supuesto, fuerte en mi conciencia, y seguro con la aprobación de muchos corazones sensatos, seguiré por una parte despreciando las groseras censuras de la ignorancia, y por la otra aceptando el reto de cualquier enhiesto paladín que se me presente en *noble lid*”.

Lo sentimos por Galicia y por nuestros amigos, que ya sólo podrán leer en las columnas de LA NUEVA IBERIA los artículos que produce la fecunda pluma de nuestro colaborador don Jacobo Araujo, cuyo saber iguala á su modestia.

Na colaboración aparecida o 14 de xaneiro de 1868, o xornalista de Viveiro criticou o xornal *La Esperanza*, co que tanto tiña colaborado nos anos precedentes como xa expuxemos, por amosarse nesa altura “partidaria de todo lo viejo” e ignorar reiteradamente, na súa defensa a ultranza do absolutismo, “que San Pablo le diga cien veces en sus Epístolas, *revestíos del hombre nuevo*; que su obispo le repita al conferir las primeras órdenes la misma cantinela; que el Evangelio le declare finalmente: *todos hemos sido renovados por la gracia de Jesucristo*”.

Baixo os rótulos de “Recuerdos históricos” (8 de maio de 1868) e “Amor con amor se paga” (11 de setembro de 1868), glosa Araújo o contido de diversos documentos medievais relacionados coa antiga provincia mindoniense e coa vila do Landrove, coa finalidade de demostrar que nin a Idade Media fora aquel período idílico que retrataban os máis tradicionalistas nin a Igrexa católica como institución estaba libre de pecado. Nesos documentos ficaban de manifesto as desmedidas ansias de dominio señorial, económico e político de diversos bispos composteláns e mindonienses dese período histórico.

Outro tipo de artigos achegados polo intelectual de Viveiro a *La Nueva Iberia* tiveron como principal finalidade a de describir e enxalzar as belezas da terra galega, inaugurando así Araújo unha liña temática que habería de cultivar con relativa profusión nos últimos anos da súa existencia. Na colaboración do 25 de xullo de 1868, queixouse do pouco coñecidas que era as marabillas de Galiza en todas as ordes. Aquí cualificou Viveiro, falando dos portos cantábricos, como “población de las más bellas de su clase, cómoda, barata y abundante, así para estaciones de recreo, como para tomar baños de río, de mar, y hasta aguas minerales, de que tampoco carece”. Propósitos semellantes tiveron as entregas do 9 de maio de 1868, en que fixo un desmentido á visión excesivamente optimista que ofreceu por entón un xornal de Ferrol sobre o estado da agricultura e da gandaría na Galiza, e a de 5 de setembro de 1868, en que resumiu a excursión que acababa de realizar durante o verán a Coruña, Ferrol e Ortigueira, constatando a exemplaridade do pobo galego en asuntos de alegría e afabilidade a pesar “de tantas aflicciones que encadenan su alma al fatal banquillo de un continuo é interminable martirio”.

### Cargos políticos e burocráticos

Froito do seu prestixio como xornalista e da súa disciplinada militancia nas fileiras progresistas, Jacobo Araújo sería chamado polo seu admirado xefe de fileiras Práxedes Mateo Sagasta ao desempeño de diversos postos administrativos no Ministerio de Gobernación durante o Sexenio Democrático, nomeadamente durante o reinado de Amadeo I de Savoia.

Comeza cunha secretaría provincial na capital vasca de Araba. Axiña é designado gobernador de Albacete<sup>6</sup>, en febreiro de 1869, e, pouco despois, de Huesca, concretamente o 14 novembro dese mesmo ano<sup>7</sup>, estando o xeneral Prim na xefatura do goberno. Non estiveron acertados, pois, os cronistas Donapetry e Chao Espina cando afirmaron nas súas respectivas *Historia de Vivero y su Concejo* (1954: 444) e *Libro y Guía de Vivero* (1976: 187) que Araújo Tenreiro chegou a ser gobernador civil de Alacant.

Con todo, algunhas crónicas xornalísticas ás que puidemos acceder non deixan ben parada a xestión política de Araújo en ambos enclaves. No caso de Albacete, unha circular que dirixiu en marzo de 1869 aos habitantes da localidade de Hellín foi empregada como munición dialéctica polos sectores *montpensieristas* que promovían o xornal *Las Novedades*, hostís a Sagasta, como exemplo da incompetencia e petulancia dos gobernadores pola súa man designados. Tamén sabemos que durante a estadía de Araújo Tenreiro no goberno provincial albaceteño, mantivo un serio conflito co Marqués de Salamanca, que debía á Administración pública a cantidade de 50.000 escudos por prazos de bens nacionais vencidos

de cuyo pago se fue evadiendo su señoría á beneficio de su cordial inteligencia con la administración pasada. Nos consta que el gobernador actual de la provincia, nuestro celoso y consecuente amigo don Jacobo Araujo, desplegó toda la energía propia de una autoridad que no puede tolerar semejantes abusos, para que cuanto antes ingresase en Tesorería aquel descubierto; mas todo fué en vano: el marqués ó sus apoderados pidieron plazos sobre plazos, que no han cumplido, y la deuda quedó en el mismo estado<sup>8</sup>.

Polo que di á etapa gobernativa oscense, cóstanos a crítica que lle dirixe *El Imparcial* no seu exemplar de 10 de febreiro de 1870 polo contido dunha alocución de Araújo asinada a 31 de xaneiro de 1870 e publicada previamente no xornal *El Alto Aragón*, dando grazas polo comportamento exemplar da cidadanía nos comicios electorais parciais celebrados na circunscripción. O comentario de *El Imparcial* é sarcástico para o noso autor, acusado de escribir “disparates” e a quen se lle recomenda que marche “tranquilamente á estudar gramática á su pueblo, y á cebar su inteligencia con pasto más digerible para él que la política”. Esta polémica desatará rumores sobre o cesamento de Araújo como gobernador da citada capital aragonesa, desmentidos de inmediato por *La Iberia* (17 de febreiro de 1870), que se amosa confiado en que o ministro Rivero non obviaría.

los muchos é importantes servicios que ha prestado á la causa de la libertad, y tendrá en cuenta por último los antecedentes de su administración en las provincias que ha tenido á su cargo, los cuales revelan el tacto y acierto que distinguen á nuestro antiguo colaborador y consecuente amigo.

Mais o certo é que nos primeiros días de marzo de 1870, a *Gaceta* insire o decreto de cesamento de Araújo, quen será substituído no posto por Eduar-

6 Cf. *La Correspondencia de España*, Madrid, 14 de febreiro de 1869.

7 Cf. *La Esperanza*, Madrid, 18 de novembro de 1869.

8 Cf. *La Iberia*, Madrid, 29 de setembro de 1869.



do Lezama<sup>9</sup>. Un ano despois, aproximadamente, Sagasta nomea o de Viveiro, en comisión, oficial de 3ª clase do ministerio da Gobernación<sup>10</sup>, mais dura apenas catro meses no posto. Efectivamente, *La Iberia* dá a nova o 4 de agosto de 1871 de Araújo ter sido cesado:

Entre los diversos amigos que, obedeciendo al riguroso plan de economías, se ha visto el señor ministro de la Gobernación en la dolorosa necesidad de dejar escedentes de la clase de jefes de secretaría, figura nuestro antiguo colaborador don Jacobo Araujo.

O autor do *Bosquejo...* debeu de regresar entón á súa vila natal, aínda que non é descartábel que desempeñase algún destino administrativo en Compostela, pois *El Diario de Santiago* dá conta do seu traslado desde a cidade do Apóstolo a outro destino que non concreta, cualificándoo, en todo caso, de “celoso é inteligente funcionario”<sup>11</sup>

## Derradeiras producións textuais

Despois das súas peripecias gobernativas, como funcionario e como cesante, Araújo retomou a escrita xornalística. Rexistramos a partir de 1871 novas sobre a presenza da súa sinatura nas páxinas da “revista de instrucción general para el bello sexo” *La Mujer*<sup>12</sup> mais, sobre todo, no diario *La Iberia*. O conxunto das súas colaboracións neste medio e nesta época, fóra de casos excepcionais que demostran a pervivencia en Araújo de arraigadas conviccións relixiosas (velaí o artigo titulado “Jueves Santo”, reproducido por *La Iberia* o 10 de abril de 1873), amosa unha case obsesiva preocupación por criticar e cuestionar o programa e as tácticas do partido republicano federal, que accede ao poder o 11 de febreiro de 1873 da man de Francesc Pi i Margall.

Araújo aludiu así ás presuntas “torpezas y desaciertos” que cometeu o partido radical de Ruiz Zorrilla, facilitando a chegada dun réxime, o republicano, que “no está en nuestras creencias y convicciones” (1 de abril de 1873). Tamén cualificou o federal como “un sistema de gobierno tan inconcebible como irrealizable” (13 de abril de 1873), afirmou que a República postulada ía ser “inconveniente y peligrosa para la existencia y la tranquilidad de la patria” (15 de abril de 1873) e, nun ton practicamente apocalíptico, sentenciou: “El socialismo, el comunismo, el materialismo y el ateísmo, todos en confuso tropel, entre el rumor estridente y salvaje de la más espantosa anar-

quía, llaman ya fuertemente á las puertas de nuestra patria” (26 de abril de 1873). En novos traballos afirmaría a súa convicción de que a causa federalista nunca lograría apoio dunha sociedade como a galega (9 de maio de 1873) e protestaría con acritude contra o decreto que suprimía as ensinanzas relixiosas dos centros educativos públicos, medida que cualificou de “irreflexiva y absurda”, de “locura grande” e de “engendro puramente demagógico” (25 de maio de 1873). Dirixíndose ao brillante orador e dirixente republicano Emilio Castelar, razoou Araújo Tenreiro:

Quisiera, además, me dijese cómo y de qué manera su ideal federalísimo podría sorprendernos allá para el siguiente día del gran Juicio con la grata nueva de su *fraternidad universal*, sin el concurso del sentimiento religioso protegido eficazmente, y ostensiblemente practicado; y por último, si mientras por una parte se comete la profanación de declarar á Cristo como el primer maestro y fundador de la escuela republicana: para cohonestar sus estravíos es lícito, es decente que por la otra se le insulte, arrojándole de sus templos y de sus altares, y exponiéndole como Pilatos á la irrisión y á la vergüenza pública.

O golpe de estado do xeneral Pavía e a posterior evolución política cara ao sistema de Restauración, co regreso ao trono da dinastía borbónica na persoa de Alfonso XII, confinaron o noso protagonista nun ostracismo moi evidente. O primeiro de decembro de 1874, *La Correspondencia de España* desmentía: “No es cierto que haya sido repuesto en el Ministerio de la Gobernación don Jacobo Araújo”.

De regreso ao seu Viveiro natal, onde convive co seu irmán José Rial Araújo Tenreiro na rúa Porlier (actual Irmáns Vilar Ponte) e onde achega o seu óbolo para unha colecta en favor das familias dos soldados mortos e feridos na Terceira Guerra Carlista<sup>13</sup>, este Jacobo Araújo laboralmente cesante e politicamente derrotado terá aínda ánimos para emprender un novo e ambicioso proxecto historiográfico, do que deu conta *La Correspondencia de España* nestes termos:

Ya han principiado á remitir de algunos pueblos de Galicia datos y antecedentes para el *Diccionario Geográfico, histórico, estadístico etc.*, á nuestro amigo y antiguo compañero en la prensa D. Jacobo Araujo, avecindado en Vivero, provincia de Lugo, a donde se dirigirán los que deseen contribuir á que figure digna-

9 Cf. *El Imparcial*, Madrid, 4 de marzo de 1870.

10 Cf. *La Época*, Madrid, 12 de abril de 1871.

11 Cf. *El Diario de Santiago*, nº 607, 15 de xullo de 1874.

12 Cf. *La Iberia*, Madrid, 13 de xullo de 1871.

13 Cf. *B.O.P. de Lugo*, 18 de abril de 1876, p. 1.

mente aquella importante región en la obra de los señores Moya y la Cuadra<sup>14</sup>.

Para *El Diario de Lugo* redactará en 1877 un artigo sobre a celebración do Xoves Santo, “sublime á la par que dolorosa efeméride del cristianismo”, co fin de lle render “el homenaje de nuestro culto á la Cruz, símbolo santo, símbolo misterioso del sangriento drama consumado hace diez y nueve siglos en la cima del Calvario”<sup>15</sup>. Araújo considera nese artigo que tal festividade constitúe

el [día] más grande, el más importante que el catolicismo registra en sus anales, día de sentir y no de pensar, día en fin, en que Jesucristo instituyó el más alto é inconcebible monumento de su amor eterno hacia el hombre en el instante supremo en que todas las tradiciones bíblicas iban a realizar sus trágicas y sangrientas predicciones [...]

Ao mesmo artigo que citamos pertence o seguinte fragmento, que resulta ben elocuente sobre as concepcións que presidían o pensamento relixioso do escritor viveirense:

La misión de Jesucristo, y la síntesis [sic] de su doctrina han sido la *caridad*, que enseñó, practicó, y preceptuó hasta el instante supremo de su *agonía*, hasta el momento apocalíptico de su crucifixión. Y tal y tan grande ha sido su celo por esta virtud suprema, única que sobre todas constituía su ideal Divino, que llegó á declararla como base esencial de la santificación del hombre, después de consustanciarla con el mismo Dios. El inspirado autor del Apocalipsis nos lo dice terminantemente en su evangelio: *No está en Dios quien no está en la caridad, porque la caridad es Dios y solo por ella podemos asemejarnos á él*. La caridad es, pues, el epitome de nuestra religión, la suma de nuestras creencias, el principio y fin de nuestras esperanzas, y el nervio y la savia de toda fé, que sin el concurso de aquella es *cosa muerta*, según san Pablo.

Por desgracia vemos correr los siglos, despeñarse las generaciones en los abismos de la eternidad, todas ó casi todas con el nombre de Jesucristo en los labios, y la idea de Jesucristo lejos de su corazón. Vemos, pues, que la desgraciada humanidad dilatándose en el contagio de su génesis primitivo, en vez de purificarse en el Jordán de la caridad, y de lavar sus manchas en la *piscina probática* de la cruenta y trágica epopeya del Calvario, hundiéndose cada vez más en el légamo de sus miserias, embriagada por sus delirios [...] en vez de levantar sus ojos á aquella Sión Santa, y reclinar su cabeza en aquella *Cruz*, verdadero receptáculo de sus dolores, y sagrado refugio de sus padecimientos [...], ciega, y convulsa [...] parece renegar por completo á aquella voz profética del *Justo*, dirigiéndose al ladrón arrepentido: *Hodie mecum eris in Paradiso*.

Será tamén nesta fase final da súa traxectoria cando atope folgos para enviar a distintos cabezallos de prensa artigos de temática descritiva e costumista. No *Álbum histórico, científico y literario de Galicia* pro-



movido por Benito Vicetto publicou o traballo “El San Cosme de Betanzos”. En *El Heraldo Gallego* de Ourense, que dirixía Valentín Lamas Carvajal, apareceron os artigos “Una romería en Galicia”, que versa sobre a romaxe do San Tirso de Portocelo en Xove<sup>16</sup> e mais “El San Martín de Chorio”<sup>17</sup>, sobre a célebre ermida da comarca betanceira. Escoltando os cánticos de mozos e mozas que acudían ao San Tirso, reflexiona o intelectual viveirense:

Durante esta escena hemos podido observar que el dialecto gallego tan cadencioso y melifluido en su pronunciación, hablado con la debida propiedad y con aquella pureza con que allá por los tiempos del rey D. Alonso el VI, tenía el carácter de idioma, se presta cual ninguno á esta clase de caprichosos giros y combinaciones poéticas; así, pues, condenamos del mismo modo á los que le ridiculizan por sistema, como á los que le adulteran por ignorancia.

Nese labor divulgativo sobre romaxes e lugares de devoción andaba Jacobo Araújo cando o sorprendeu a morte en San Vicente de la Barquera, a consecuencia dun ictus. *El Diario de Santiago* daba así a noticia aos seus lectores:

Víctima de una congestión cerebral, ha fallecido en [San Vicente de] la Barquera el que fué nuestro buen amigo D. Jacobo Araújo, gobernador civil de varias provincias antes de la restauración. Nos asociamos al duelo de su apreciable familia<sup>18</sup>.

Non foi, pois, en Viveiro como afirmou Donapetry na súa imprescindíbel *Historia de Viveiro y su Concejo* (1954: 444) e insistiu Chao Espina no seu *Libro y Guía de Viveiro* (1976: 187), senón en terras cántabras, onde a Parca veu arrebatarlle a vida a este intelectual e escritor viveirense que, como agardamos ter deixado patente, ben merece ser obxecto de investigación e (re)descubrimiento ■

14 Cf. *La Correspondencia de España*, Madrid, núm. 6.400, 9 de xuño de 1875. Tratábase do *Diccionario Geográfico, Histórico, Estadístico, Arqueológico, Artístico, Individual, Político, Bibliográfico y Biográfico de España y sus posesiones de Ultramar*, de Francisco J. Moya e Agustín M. de la Cuadra, do que só chegaron a se editar en Madrid seis cadernos entre finais de 1875 e comezos de 1876.

15 Cf. *El Diario de Lugo*, núm. 147, 29 de marzo de 1877.

16 Cf. *El Heraldo Gallego*, Ourense, núm. 200, 12 de decembro de 1876 e *idem*, núm. 201, 16 de decembro de 1876.

17 Cf. *El Heraldo Gallego*, Ourense, núm. 215, 15 de xuño de 1877 e *idem*, núm. 216, 30 de xuño de 1877.

18 Cf. *El Diario de Santiago*, núm. 1.778, 17 de xullo de 1878.





NUESTRA SEÑORA DE LA CLEMENCIA (Francisco Gijón, 2004)

Fotografía: Adolfo Enríquez



ECCE-HOMO DE LA MISERICORDIA (s. XVII)

Fotografía: José Manuel Paleo





SANTISIMO CRISTO DE LA PIEDAD (José Rivas, 1945)





# Semana Santa... ver contemplar, facer ser...

ANTONIO VALÍN VALDÉS  
Bispo de Tui-Vigo

Cada ano, cando está chegando ao seu fin o inverno, co cambio ao despertar que supón a primavera, que fai agromar vida e beleza onde todo era silencio e nada, os cristiáns celebramos os días grandes da Paixón, morte e resurrección do Señor; días que na cidade de Viveiro teñen un pouso fondo de relixiosidade e tradición. Igual que o cambio de estación transforma todo, nesta cidade todo se cambia para celebrar a súa Semana Santa, co seu estilo propio e identitario. Todo se transforma; todo se modifica: os traballos, os ritmos, os lugares... para deixar un espazo a uns días diversos. A Semana Santa non é unha tradición que ven de lonxe, nin siquera unha data do calendario. A Semana Santa para os de aquí e os que veñen de fóra, para todos e cada un dos membros que constitúen as confrarías é *unha experiencia espiritual que se renova cada ano*, unha fe que se fai camiño, silencio e comunidade. Viveiro vive esta experiencia cun xeito propio: o dun pobo que, entre o mar e a historia, soubo custodiar con fidelidade unha Semana Santa que é memoria viva e oración compartida.

A Paixón, morte e resurrección de Cristo non se representan, *acompañanse*. Como nos di o evanxeo de Xoan: "...xa que amara aos seus que estaban no mundo, amounos ata a fin" (Xn 13,1). Ese amor extremo do Deus-encarnado é o que dá sentido a cada paso que percorre as rúas de Viveiro, a cada imaxe que avanza entre o recollemento, o asombro e a emoción contida de todo un pobo.

## As confrarías, escolas de discipulado

Cada membro das distintas confrarías non é só un gardián dun patrimonio histórico e artístico recoñecido; cada confraría é unha auténtica escola de discipulado, *unha escola de fe popular*. Nelas apréndese a crer desde a sinxeleza: nos ensaios discretos e continuos, no coidado dos detalles, na paciencia da espera e na fraternidade calada e real. No espírito de cada confraría que desfila polas rúas ha estar presente, moi presente aquela chamada que fai Xesús: "Se alguén me quere seguir, que renuncie a si mesmo, que cargue coa cruz de cada día e me siga (Lc 9,23).

O papa Xoan Paulo II suliñaba que as expresións de relixiosidade popular –como poden ser as diversas procesións que enchen as rúas vivarienses– cando están ben orientadas, axúdanlle ao pobo a encarnar a fe na vida diaria. Viveiro é testemuña disto: xeracións enteiras aprenderon a rezar mirando ao Crucificado de San Francisco, choraron e compartiron a dor diante do encontro de María e Xoan co Nazareno ou gardaron silencio profundo ante o Ecce homo ou

*"... no coidado dos detalles,  
na paciencia da espera e na  
fraternidad calada e real..."*

ao paso da Piedade que co seu fillo nos brazos acolle todo o noso sufrimento e dor...

## Oración que se fai realidade na rúa, lugar de encontro e anuncio

Cada procesión, cada paso non é só para ver, é para *contemplantar*. Cada imaxe, cada persoaxe que sae faise unha *oración pública*, unha catequese que non se proclama con palabras, senón con xestos. O papa Benedicto XVI recordaba que a “beleza auténtica conduce a Deus cando nace da verdade e do amor”; esa beleza é o que el chamaba via pulchritudinis, camiño de acceso a Deus. En Viveiro, a harmonía dos pasos, o son contido da música, o respecto dos silencios e a dignidade dos hábitos e desfiles procesionais falan dunha fe que non é espectáculo, nin se pode quedar só niso; todo o contrario, eses pasos procesionais, son unha chamada a unha fe madura, que non precisa explicarse, pero que se deixa contemplar. Razón tiña o raposo do libro *O Principiño* (A. de Saint-Exupéry) cando afirmaba que “o esencial é invisible aos ollos; só co corazón se pode ver ben as cousas”.

Iso que só se ve co corazón, faise visible cando é expresión real de fe e se vive como unha experiencia persoal que convirte cada rúa nun Via crucis vivo, onde cada persoa contempla a un Cristo que sae ao encontro do seu pobo. E como no camiño de Emaús, moitos recoñecen ao Señor que fai arder o seus corazóns, aínda que non saiban poñerlle nome (Lc 24,13-35).

## Fe do pobo, fe que perdura

Recordaba o papa Francisco que a relixiosidade popular é unha “*forma lexítima de vivir a fe*”, porque nace do corazón do pobo crente. Esta relixiosidade popular ben vivida –di Francisco– é “*un tesouro da Igrexa*” xa que reflicte unha fe sinxela, profunda e encarnada. Na Semana Santa esa fe exprésase con sobriedade e profundidade, lonxe do ruído, do lío de cada día, cun respecto que transforma a rúa nun templo e o paso procesional nun altar.

A misión de cada confraría é custodiar ese tesouro, coidalo e transmitilo, para que non se convirta nun costume baleiro, senón nun *encontro auténtico, verdadeiro con Cristo*, e nunha oportunidade axeitada dunha *evanxelización que pasa*



LA CENA O «LOS APOSTOLES» (Juan Sarmiento, 1808)

Fotografía: José Miguel Soto



*polos sentidos*, capaz de tocar a alma, daquelas persoas que van portando a imaxe, procesionando con elas ou as ven pasar. Ese custodiar ese tesouro ten que provocar en cada Semana Santa unha pregunta: como situarnos ante iso que celebramos e vemos nos diversos pasos procesionais? Son un mero espectador? Vexoo pasar os pasos só ou comprométome? Ese ver, provoca en min o contemplar e o *facer*?

### ***Do xesto externo á conversión interior e ao compromiso.***

A Semana Santa é unha gran parábola da vida e da fe. Vivir a Semana Santa é deixar que Cristo pase –unha vez máis– polas nosas rúas estreitas e polas nosas vidas fráxiles. É sentir que, no medio da rutina de cada día, *Deus sigue habitando no medio do seu pobo*, que somos cada un de nós, e que sigue iluminando cada momento que vivimos.

A Semana Santa non remata cando se pechan as portas dos templos e cada paso, cada imaxe, volve ao seu altar. Se o vivido non transforma a vida cotiá, corre o risco de quedarse só nunha emoción pasaxeira, fugaz, aínda que esa emoción se repita ano tras ano. A verdadeira vivencia da Semana Santa continúa no día a día de cadaquén, no seu *compromiso de vida*, no seu intentar vivir en cristiano –como ese Cristo que vimos procesionar– *no que un fai e é en cada momento*, na caridade, na xustiza e na fidelidade á comunidade eclesial. Esa vivencia hanos levar a comprometermos na construción do Reino de Deus neste mundo, a tender unha man ao pobre, a achegarnos aos outros sentíndoos como irmáns, a esquecer todo tipo de ruptura e comparacións, de críticas e murmuracións que só destrúen e alonxan. Esa vivencia ha levarnos a afondar máis no que somos, fillos amados de Deus, a coñecer máis a este Deus e ao seu Fillo, e a non esquecermos nunca, nunca, dos seus fillos que viven envoltos na vulnerabilidade.

*“Non amemos de palabra e de lingua, senón con feitos e na verdade”* es-

cribe o apóstolo Xoán na súa primeira carta (1 Xn 3,18). Esta exhortación interpela a cada confraría, a cada confrade e a canta persoa que participa nas procesións e actos da Semana Santa a vivir durante todo o ano aquilo que proclama na rúa durante uns poucos días. A Semana Santa non remata, continúa na vida diaria, na coherencia do crente, na súa formación da fe e vida sacramental, na caridade e no compromiso social coa comunidade. E cando volvamos á rutina do de sempre, de cada día, é preciso recordar e comprender desde o corazón, que a verdadeira procesión continúa na vida, no xesto humilde, na entrega escondida, na esperanza fiel que xorde dese Cristo resucitado, porque a fe que non se converte en obras corre o risco de quedarse no folclore, e a tradición, sen evanxeo, perde a súa alma.

Vivir a Semana Santa nas confrarías e na rúa é unha oportunidade privilegiada para dar testemuño dunha fe encarnada, cercana, humana. Unha fe que non se impón, senón que se amosa e propón con liberdade e coraxe. Unha fe que non foxe da dor, pero que tampouco se queda nela; unha fe que mira á cruz –ás cruces todas do mundo– sabendo que a derradeira palabra é a Vida. Unha fe que vai do mirar ao contemplar; do contemplar ao facer, e do facer ao ser porque... El segue pasando, polas nosas rúas... e polas nosas vidas, sempre, invitándonos a non “balconear na vida”, como decía o papa Francisco, senón a facer vida o que vemos, a crer hoxe naquilo que recordamos e a afondar no que vivimos e somos.

El segue pasando polas nosas rúas... e polas nosas vidas. Sempre! Só se ve ben co corazón. E cando se comprende isto... todo comeza a cambiar. El, fai novas todas as cousas (Ap 21,5) ■

*“...Vivir a Semana Santa nas confrarías e na rúa é unha oportunidade privilexiada...”*



⚡ VENERABLE ORDEN TERCERA FRANCISCANA



⚡ ILUSTRE Y VENERABLE  
COFRADIA DEL SANTISIMO ROSARIO

REAL HERMANDAD  
DE LAS SIETE PALABRAS ⚡

HERMANDAD DE MUJERES  
DE LA SANTA CRUZ ⚡







COFRADIA DEL  
SANTISIMO CRISTO DE LA PIEDAD ⚡



⚡ HERMANDAD DEL PRENDIMIENTO

⚡ COFRADIA "O NAZARENO DOS DE FORA"



COFRADIA DE LA MISERICORDIA ⚡







ECCE-HOMO «CORAZÓN DE JESÚS» (s. XVII)

Fotografía: Rafa Rivera



NUESTRO PADRE JESÚS NAZARENO (Francisco Romero Zafra, 2012)

Fotografía: Toño Goás



PERSONAJES DE LA SEMANA SANTA DE VIVEIRO / XVII

# MARIO GARCÍA TEIJEIRO “MARUCHO”

LUCÍA REY

Xornalista de «La Voz de Galicia»; edición A Mariña

## «Fun levador en case todos os pasos de Viveiro menos no Prendimiento»

Xaime Ramallal, fotógrafo de La Voz de Galicia, edición A Mariña.



Nacido hai 69 anos na Rúa Nicolás Cora, no centro histórico, Mario García Teijeiro, Marucho, leva no corazón a Semana Santa de Viveiro, na que colabora desde neno. Neste 2026 espera cumprir un soño: o de ser levador no paso do Prendimiento. “*Fun levador en case todos os pasos menos no Prendimiento, pero este ano espero que me fagan un oco e poder levalo o venres Santo [na procesión da Paixón]*”, destaca un home que, entre outros, foi directivo da cofradía do Nazareno dos de Fóra, e quere recordar cun cariño especial a Justino e a José Luis do Madono.



« Portando atributos de la pasión en la procesión del Santo Entierro.



⚡ Escolta del paso del Santo Entierro.

—Cales foron os seus inicios na Semana Santa?

—Empecei participando na procesión do Santo Entierro de pequeniño. Primeiro, levando os cravos e o letreiro da cruz. Despois, indo coa estola ó lado da imaxe. Daquela estaba de monaguillo coas Concepcionistas e unha señora, María Leal, chamábame dicíndome: *“Tès que vir, tes que vir, que necesito un neno!”*. De pequeno ía con ela. Despois, cando fun maior, xa fun doutra maneira e empecei a ser levador.

—Sempre estivo tan vinculado á igrexa de Santa María?

—Si. Se tiña que escoller unha procesión, ía sempre no Santo Entierro, que pertence a Santa María.

Despois levaba a Piedad, e nunha ocasión en que na mesma procesión saía tamén o Santo Entierro, os levadores dos dous pasos eramos case os mesmos. Entón, o que daquela dirixía a Piedad preguntou quen quería ir para o Santo Entierro, e apuntámonos dous nada máis. Ovidio e máis eu. O resto quedou na Piedad. Para o Santo Entierro houbo que buscar xente, pero saír saímos igual. Eran outros tempos. Eu era cofrade da Piedad,

pero facía cousas no Santo Entierro, que tiña unha cofradía pechada, non era como agora.

—A cantas cofradías pertence?

—Agora mesmo son da Piedad, do Rosario, do Prendemento e do Nazareno dos de Fóra. Na do Nazareno traballei moito. Ó principio, esta cofradía non tiña imaxe e na procesión sacaba o Sagrado Corazón de Xesús convertido en Nazareno. Despois, a raíz dunha conversación que tiveron con José Casal (xa falecido), o marido de Laura Berdeal, animámonos a facer unha imaxe. En Alcoa daban unhas axudas ós traballadores que facían voluntariado e preguntoume se podería facer algo. Eu traballaba de electricista nunha auxiliar de Alcoa. Estiven 42 anos, ata que me xubilei hai cinco. E por aí fomos traballando e xuntando dólares para facer a imaxe. Senón tería sido imposible.

—Como ten previsto vivir a Semana Santa este ano?

—Vou levar o Ecce Homo dos Franceses o domingo de Ramos de noite, e despois levaré o Nazareno e o Santo Entierro. Da Piedad parei de ir hai dous anos porque tiveron un problema de saúde. Recordo un ano que chovera moitísimo e non puideron levar ningún santo,



⚡ Colla de la Oración en el Huerto en los años 80.



e un amigo díxome: “Como vas quedar sen levar ningún?”. Era Fernando Cociña, e ó final fun levando o San Juan na procesión dos Caladiños, que era a última que saía. Senón quedaba en branco ese ano. Ben deitei del! E despois empecei a ir no Francés todos os anos, menos o ano que morreu miña nai un domingo de Ramos. Eu non podía ir e esa procesión non saíu, choveu moitísimo. Do resto saíu sempre.

—**Participou sempre ou tivo algún parón?**

—O único ano que non puideren ir foi cando estiven co tratamento porque tiveren un cancro de larinxe e estaba coa radio e coa quimio. Pero o resto fun sempre. E saíu sempre todo ben.

—**Como vive a Semana Santa e as datas previas?**

—Con ilusión porque hai que empezar a montar todo e a levar todo para a carpa. Antes non había e montábase no atrio da igrexa de San Francisco. Logo metíanse dentro as andas. E en Santa María tamén montamos antes agora. Pásase ben porque falas coa xente, intercambias opinións... O ambiente nos claustros e na carpa está moi ben.

—**Podería relatar algunha anécdota?**

—Cando lle encargamos a imaxe do Nazareno a Francisco Romero Zafra, que tamén fixo a imaxe da Virxe da Esperanza, preguntou como a queríamos. Eu díxenlle: “Quero a imaxe de Xesús levantándose da terceira caída”. E díxome el: “Uf, en la tercera caída iba muy mal, muy mal porque los romanos no estaban de broma. La voy a hacer levantándose de la segunda y va a impresionar. Va a ser suficiente”. E, efectivamente, a imaxe está moi lograda, moi ben, levantándose coa rodilla case dobrada, con Xesús moi dolorido. A imaxe vai moi cuberta, pero é preciosa.



▲ Colla de la Piedad en el año 1996



▲ Colla del Nazareno dos de Fóra, año 2008.



▲ Colla del Santo Entierro, año 2015.



▲ Presidencia del Nazareno dos de Fóra, año 2023.





▲ Presidencia del Nazareno dos de Fóra, año 2024.

—E a cal lle ten máis devoción?

—Á do Sagrado Corazón, a primeira que saíu en procesión con nosoutros no Nazareno dos de Fóra. É unha imaxe moi bonita. Agora sacamos as dúas: o Sagrado Corazón e a nova, pero á antiga téñolle un cariño especial.

—Naceu a finais dos anos cincuenta e viviu a expansión da Semana Santa, declarada de Interese Turístico Internacional. Como resumiría esa evolución?

—Cando era un chavaliño xa había moitísima xente. Acórdome de levar a Verónica no Encontro con 15 e 16 anos e estar a Praza Maior abarrotada de xente. Penso que había máis xente vendo o Encontro antes que agora. E en Santa María, coas imaxes da terceira caída era impresionante. Estaba todo abarrotado. Xa antes había moitísima xente. A xente sabe o que hai en Viveiro, que é coñecido case mundialmente. As imaxes son do mellorciño que hai ■



SANTÍSIMO CRISTO YACENTE (José Tena, 1908)

Fotografía: María San Isidro





Fotografía: Rata Rivera

# RETROSPECTIVA

# PREGÓN 1997

VÍCTOR VÁZQUEZ PORTOMEÑE

Conselleiro de Relaciones Intitucionales  
Portavoz del Gobierno de la Xunta de Galicia

*A miña gratitude para o Sr. Alcalde de Viveiro, vello amigo e eterno enamorado da súa cidade.*

*Dél recibín a primeira noticia de que me cabría a honra de ser pregoeiro da Semana Santa de Viveiro.*

*A miña fonda gratitude para o Sr. Presidente da Xunta de Confrarías de Viveiro.*

*Dél recibín o encargo de se-lo pregoeiro da máis grande Semana-Santa de Galicia.*

*E a miña gratitude, cómo non, a Manuela López Besteiro, compañeira e amiga entrañable e sensible.*

*Fixo de mín unha presentación fermosa, inmensamente máis imputable a súa intelixencia que a miña historia.*

Dicía Cunqueiro que cada Venres Santo, ás cinco da tarde, o seu pensamento non podía estar noutro lado que no adro de Santa María de Viveiro, vendo O Desencravo.

Foron tantos e tantos os anos que don Álvaro se achegaba ata aquí, desde o seu Mondoñedo natal, a ve-la Semana Santa cun amigo da aldea de Xuances, que cando por peregrinas razóns non puido estar presente, as imaxes do descendemento de Cristo da cruz volvíanlle á memoria e figurábenselle na meniña dos ollos igual que se o estivese vendo.

Non é estraño que Viveiro fora o escenario da cita espiritual que Cunqueiro tiña cada Venres Santo ás cinco da tarde.

Nesta fermosa terra víu a luz Nicomedes Pastor Díaz. O século XIX é dos máis gloriosos de Viveiro. Só o nome de Pastor Díaz e os doutros ilustres deste século chegarían para formar un catálogo esplendoroso. Pero Viveiro pode ofrecer moito máis ata chegar ós nosos días. Aí están os nomes de Antón e Ramón



Pregón pronunciado el  
día 22 de marzo de 1997  
en el templo de  
San Francisco-Santiago

Vilar Ponte ou Maruja Mallo, entre outros sobranceiros personaxes, que contribúen a exercer unha indescribible fascinación en quen contempla esta vila.

Por eso, síntome doblemente honrado de estar aquí hoxe.

Primeiro, polo agasallo que me fan o Concello e mailas Confrarías por convidarme a ocupa-lo lugar que diante de mín ocuparon, entre outros, Otero Pedrayo, Juan Donapéttry, Ramón Canosa, Camilo Barcia Trelles, Luz Pozo Garza e, hai tan só un ano, a conselleira de Familia Manuela López Besteiro.

